

Guía das orquídeas de Galicia. (2006).
Cortizo Amaro, C. & Sahuquillo Balbuena, E.
Baía Edicións¹. A Coruña.

Sáudamos a aparición dun novo título da colección Guías da Natureza Baía verde: Guía das orquídeas de Galicia.

Os seus autores, Carlos Cortizo e Elvira Sahuquillo levan anos estudando a flora de Galicia e máis en concreto a familia *Orchidaceae*. No preámbulo aclaran que escomezaron o estudo das orquídeas en 1994. Efectivamente, xa en 1999 publicaron una síntese dos coñecementos da familia *Orchidaceae* en Galicia na revista *Nova Acta Científica Compostelana* (publicación que se recolle no apartado de referencias bibliográficas da guía) ademais dunhas aportacións á mesma familia na revista *Anales del Jardín Botánico*, tamén en 1999. Recentemente, no 2005, veñen de publicar unhas aportacións corolóxicas de algunhas especies de orquídeas.

O libro é de reducidas dimensións, coma todos os da colección Baía Verde, pero as súas 169 follas convérteno en máis lixeiro que outros o que facilita o seu transporte ao campo, onde pode resultar moi útil.


O corpo da obra divídese nunha parte xeral que contén os apartados de agradecementos, prólogo do profesor J. Amigo da Universidade de Santiago, introducción, taxonomía, morfoloxía, bioloxía, distribución das orquídeas no mundo e en Galicia e nunha parte específica con fichas descritivas das 39 especies tratadas na obra, precedidas dunhas claves cunha guía de utilización tanto das claves como das fichas descritivas.

Antes da enumeración das citadas fichas expónse un cadro da posición filoxenética e un apartado de anomalías en exemplares de orquídeas así como a presenza de híbridos na flora galega.

Ao final, o libro contén uns útiles apéndices sobre época de floración, rango de altitudes e a súa distribución nas zonas máis salientables (Valdeorras, Courel/Pedrafita, areais costeiros, Monforte/Bóveda, Bibei/Sil/Návea e resto de Galicia), un glosario de termos, bibliografía, índice e mapas dos concellos.

Na introducción faise unha síntese moi clara e esquemática, a nivel mundial, do estado dos coñecementos tanto da distribución como da taxonomía da familia. No apartado de morfoloxía, o texto, claro e conciso, vai acompañado de diversas fotografías das flores coas denominacións técnicas dos diferentes órganos das mesmas.

No apartado de “Bioloxía” resúmese de xeito acertado os coñecementos actuais sobre xerminación, desenvolvemento, mecanismos de polinización e polinizadores.



¹ Agradecemos a Belén López Vázquez, responsable de Baía Edicións, a remisión das imaxes da guía, que ilustran esta recensión.

Dedican outro apartado ao estudo dos factores que determinan a distribución das orquídeas en Galicia facendo fincapé no clima, os solos e a vexetación, e en función deles, definen cinco áreas de interese en Galicia pola diversidade de orquídeas que presentan, aínda que aclaran que a comunidade autónoma galega non reúne condicións propicias para o desenvolvemento das orquídeas. Presentan un mapa coas zonas de interese (comarca de Valdeorras, Courel-Pedrafita, areas costeiras, Monforte-Bóveda e Bibeil-Sil-Návea) que fai doada a súa localización. Rematan cun apartado de conservación no que fan un percorrido pola situación actual e detallan o corpus xurídico de protección, desde o CITES ata o moi recente catálogo galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril, Diario Oficial de Galicia, número 89, publicado con posterioridade á saída da guía) na que se confirma, tal e como expoñen os autores, a inclusión dunha única especie de orquídea no mesmo (*Spiranthes aestivalis* (Poir.) Rich.).

As claves son sinxelas pero sen perder precisión, con debuxos esquemáticos que facilitan a comprensión dos textos, sen esquecer o apartado arriba citado de “*características florais*” e o glosario que fan doada a resolución das dúbidas terminolóxicas.

O núcleo da obra confórmano as fichas descritivas estruturadas nunha parte de texto con diversos apartados fixos e outra gráfica con fotografías da especie tratada e un mapa de distribución de Galicia. Os apartados son os seguintes:

O *etimolóxico* que pescuda a orixe do epíteto específico, moi interesante para entender os nomes das plantas. De cada nome xenérico, indícase tamén a súa orixe e distribución mundial así como o número de especies dese xénero na península Ibérica e en Galicia.

O da *sinonimia*, na que se indican os diferentes nomes que se utilizaron ou aínda se utilizan con certa frecuencia para cada especie; en realidade só se reflicte unha parte da sinonimia que pode atoparse na bibliografía botánica galega o que pode dificultar en boa medida coñecer a que especie se refiren algunhas obras.

No apartado do *nome galego*, reflíctese unha proposta de nomenclatura galega tomando como base os recollidos en LOSADA *et al.* (1994). Na citada obra non se indican as fontes nas que se basearon do mesmo xeito que nesta guía polo que entendemos que a metodoloxía non é correcta. En todo caso, non se recolle toda a riqueza léxica de cada especie (independente da proposta dos autores) nin se indica se o nome vernáculo proposto é propio ou baséase nalgunha fonte.

No apartado de *descrición*, faise referencia ás características morfolóxicas máis salientables sen que por iso se perda precisión.

Tamén existe un apartado de *especies similares* moi útil para resolver dúbidas nos casos máis difíciles.

En canto á *distribución*, primeiro faise referencia á distribución xeral, logo á galega e se complementa cun mapa da comunidade autónoma.

Tralo apartado de distribución, se indican os *hábitats* máis frecuentes onde pode atoparse a especie así como o rango de *altitudes* e de *floración*.

No apartado de *observacións* recóllese información diversa (polinización, aspectos concretos da distribución, hibridación, etc.).

No apartado de *grao de protección* dáse a referencia ao seu status nas lexislacións, internacional, europea, nacional e galega. Nalgúns casos, faise con acerto, unha proposta de protección cando non existe ningunha ou é insuficiente.

Finalmente, todas as fichas descritivas posúen unha parte gráfica con dúas ou máis fotografías, de excelente calidade, realizadas por C. Cortizo. Normalmente unha das fotos é do conxunto da planta e as outras de detalles significativos da mesma. Botamos en falta que se indique se todos os exemplares fotografados son galegos e/ou a localidade onde foron fotografados.

Tamén se incorpora un mapa por cada especie. No mapa sinálase os límites das 4 provincias galegas. A distribución ten como base a unidade administrativa do concello, tal e como se indica na contraportada da guía, aínda que botamos en falta algunha aclaración que xustifique a decisión. De todos os xeitos, resulta evidente un fin de protección das especies en este tipo de distribucións. Efectivamente, márcase en vermello a superficie dos concellos nos que conste o taxon tratado trala recompilación de datos bibliográficos, observacións propias, comunicacións persoais de colaboradores e citas de herbarios.


Porén, atopamos algunhas lagoas corolóxicas. Por exemplo, para os concellos da Península do Morrazo só citan 6 especies para Cangas. No seu traballo, Cortizo & Sahuquillo (1999) incluían xa 7 especies para o primeiro concello, engadindo *Serapias lingua* a quen tamén citaban para o concello de Bueu e que falta asimesmo na guía.

O tamaño do mapa é pequeno e non resulta doado saber cales son os concellos marcados, a pesaren dos mapas provinciais cos límites municipais, expostos ao final do libro. Por outra banda, non se diferencian as citas respaldadas por pregos de aqueloutras meras observacións e a distribución por concellos non permite diferenciar a intensidade da poboación da especie, posto que un concello sinálase de igual forma, teña unha soa cita ou moitas.

Ata 1999, data da primeira revisión das *Orchidaceae* en Galicia polos autores, os catálogos de Rodríguez Gracia *et al.* (1989) e Niño Ricoi *et al.* (1994) amosaban 41 especies de orquídeas xa que incluían no mesmo as 5 especies que posteriormente Cortizo & Sahuquillo (1999) eliminaron do mesmo, por diversos motivos: *Barlia robertiana* (Loisel.) Greuter, *Dactylorhiza fuchsii* (Druce) Soo, *Ophrys speculum* Link, *Orchis laxiflora* Lam. e *Serapias vomeracea* (Burm. fil.) Briq. Se non temos en conta estas especies, pouco e mal documentadas na bibliografía e nos herbarios galegos, os 3 catálogos amosan o mesmo número de especies: 36.

En 2005, a monografía de Aedo & Herrero para *Flora iberica*, deixa o catálogo en 44 especies para Galicia, incluíndo especies que xa os autores da nosa guía, descartaran en publicacións anteriores. De feito, na monografía de Aedo & Herrero, aparecen 4 especies nas que a súa representación en Galicia está indicada mediante un paréntese para calquera das provincias (*Barlia robertiana* (Loisel.) Greuter, *Dactylorhiza fuchsii* (Druce) Soo, *Ophrys speculum* Link e *Orchis papilionacea* L.), é dicir, “polo testimonio dalgún especialista, en xéneros ou grupos conflictivos, ou por citas fiables aínda que non respaldadas por prego algún” podendo considerar esas citas como non confirmadas. Ao mesmo tempo, engaden ao catálogo galego as especies *Epipactis kleinii* M.B. Crespo, M.R. Lowe & Piera e *Orchis langei* K. Richt., deixando en 40, as especies confirmadas en Galicia de *Orchidaceae*.

A obra que comentamos, Cortizo & Sahuquillo (2006) aínda que a data efectiva de publicación é 2007, deixa o catálogo galego en 39 especies. As diferencias coa monografía de *Flora iberica* radica en *Dactylorhiza sulphurea* (Link) Franco, que eles consideran sinónimo de *D. markusii* (Tineo) H. Baumann & Künkele (e viceversa), as dúas especies xa comentadas de *E. kleinii* (considerado por algúns autores como sinónimo de *E. atrorubens* subsp. *parviflora* A. Niesch. & C. Niesch. e xa eliminada por Laínz (1967) do catálogo galego) e *O. langei*, mentres que pola contra, os autores engaden a especie *O. fragrans* Pollini (que Aedo & Herrero consideran sinónimo de *O. coriophora* L.), basándose en estudos recentes sobre poboacións de Galicia de esa especie.



Mapa de *Cephalanthera longifolia* (L.) Fritsch

Na Fig. 1 amósanse os resultados dos diferentes catálogos de orquídeas de Galicia, atendendo só ás especies que cada un deles considera confirmadas no territorio.

Gustaríanos que Cortizo & Sahuquillo inclúisen nos apartados correspondentes máis observacións sobre as diferencias nos catálogos recentes de orquídeas de Galicia.

Xa publicada a obra, sae a luz o traballo de Henrik. Æ. Pedersen, citado na guía (Systematics and evolution of the *Dactylorhiza romana/sambucina* polyploid complex (Orchidaceae). *Botanical Journal of the Linnean Society*, 2006, 152, 405–434), na que se describe unha nova especie para Galicia: *Dactylorhiza cantabrica* H. A. Pedersen, especie próxima tanto a *D. insularis* como a *D. sambucina* e que ven a enriquecer de seu, o catálogo de orquídeas de Galicia.




Fig. 1

Os autores advirten que Galicia non é precisamente moi rica en número de especies de orquídeas no conxunto da península Ibérica. Efectivamente, segundo a citada monografía de Aedo & Herrero en *Flora iberica*, Galicia ocupa o décimo primeiro lugar en número de especies por rexións. (Fig. 2). Todo o Oeste e Sur da Península Ibérica (agás o entorno de Serra Nevada) é pouco biodiverso cando o comparamos coa zona do Nordés, Cantábrico, Mediterráneo septentrional e meseta central da Península.

Porén, estes datos baséanse nunha única obra e é preciso lembrar as diferencias entre os diferentes catálogos. Por exemplo, para o País Vasco, Lizaur (2001) (Lizaur *sic*) na bibliografía da 80 especies, Aizpuru *et al.* (1997) sinalan para o mesmo territorio 77, mentres que Aedo & Herrero (2005) a reducen a 55. Para a Rioxá, Medrano *et al.* (1997) indican 50 especies pero Aedo & Herrero (2005) sóbenas ata 51. Outro exemplo vale para Asturias, Díaz *et al.* (1994), establecen 40 especies mentres que Aedo & Herrero (2005) dan 43. En Cataluña Aedo & Herrero (2005) indican 71 especies mentres que Bòlos *et al.* (2005) eleva o número a 75 aínda que só comentan 67. Os autores ofrecen datos a nivel europeo no mesmo sentido.

